

INFORME DE FACENDA LOCAL

APROBACIÓN DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN DE DETERMINADAS ORDENANZAS FISCAIS.

Recibidas as pertinentes propostas dos distintos servizos deste Concello, e para os efectos de dar cumprimento ao Decreto núm. 7876/2025, do 12 de agosto de 2025, tramítase o expediente para a modificación de determinadas Ordenanzas fiscais.

O expediente tramítase con arranxo ás disposicións contidas na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e no Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

O artigo 12 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais establece que a xestión, liquidación, inspección e recadación dos tributos locais realizarase ao abeiro do establecido na Lei Xeral Tributaria e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento, tendo as Entidades Locais a través das Ordenanzas Fiscais a capacidade de exercer a potestade regulamentaria en materia tributaria.

Esta potestade regulamentaria do Concello en materia de aprobación de ordenanzas ampárase no disposto nos artigos 4.1.a) e 106.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, así como nas normas procedimentais necesarias para a aprobación das ordenanzas fiscais que se conteñen nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Recóllense a continuación os cambios propostos tanto polos Tenentes de Alcaldesa Delegados de Área como polos Concelleiros Delegados e responsables dos diferentes Servizos, incluíndo os de Facenda Local, para a modificación das Ordenanzas fiscais.

ORDENANZA FISCAL XERAL

Pola Tesoureira Municipal e Facenda Local propóñense as seguintes modificacións:

1) Modificación do apartado 4 do artigo 33, regulador a división cota tributaria.

No artigo 33.4 da ordenanza fiscal xeral régúlase a posibilidade da división da cota tributaria a petición dos interesados, no suposto de concurrencia de varios obrigados tributarios, en concordancia co previsto no artigo 35.7 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria" *A concurrencia de varios obrigados tributarios*

nun mesmo orzamento dunha orxación determinará que queden solidariamente obrigados fronte á Administración tributaria ao cumprimento de todas as prestacións, salvo que por lei dispóñase expresamente outra cousa.

As leis poderán establecer outros supostos de solidariedade distintos do previsto no parágrafo anterior.

Cando a Administración só coñeza a identidade dun titular practicar e notificará as liquidacións tributarias a nome do mesmo, quen virá obrigado a satisfacelas se non solicita a súa división. Para ese efecto, para que proceda a división será indispensable que o solicitante facilite os datos persoais e o domicilio dos restantes obrigados ao pago, así como a proporción en que cada un deles participe no dominio ou dereito transmitido"

Aos efectos de dar cumprimento, á recomendación realizada pola Valedora do Pobo, de non restrinxir a posibilidade de división da cota en orde a aspectos económicos, suprímese a restricción de non posibilidade de división naqueles supostos que como consecuencia da devandita división resulten cotas líquidas de importe inferior a 6,00 €.

2) Modificación dos artigos 41 a 46 . Aprazamentos e fraccionamentos.

Nos artigos 41 a 46 regúlase a concesión de aprazamentos e fraccionamentos, considerándose necesaria unha revisión meramente formal que inclúa na redacción dos artigos a mención a ámbalas dúas formas de pago para evitar confusións, en consoancia coa redacción da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e co Real Decreto 929/2005 de 29 de xullo, Regulamento Xeral de Recadación. Derivado disto, pódese eliminar o apartado 2 do artigo 42.

Detéctase igualmente unha duplicidade na redacción dos artigos 42 e 44, polo que se procede a eliminar o apartado 2 do artigo 44.

No artigo 42.7 (agora pasa a ser o 42.6), dentro da documentación requirida ás persoas físicas nas solicitudes de aprazamentos ou fraccionamentos estímase necesario que se achegue certificación de saldo de conta corrente e movementos dos últimos tres meses de todas as contas bancarias, e non que se permita optar por un ou outro documento, xa que a información precisa para analizar a concesión ou denegación da solicitude é insuficiente se só se achega certificación de saldo.

Na letra b) do artigo 42.8 (agora pasa a ser o 42.7) regúlase un dos supostos de denegación das solicitudes de aprazamentos ou fraccionamentos: o incumprimento doutros aprazamentos ou fraccionamentos anteriores, por parte dos solicitantes. Consideráase oportuno limitar a devandita circunstancia a concurrencia de que se producira nos dous últimos anos.

3) Modificación dos apartados dous e tres do artigo 63, relativo á aprobación dos padróns.

Modifícase tanto a regulación do prazo de exposición pública dos padróns como a regulación do prazo de interposición de recurso de reposición contra as liquidacións contidas no padrón anual regulados no artigo 63.2 e 63.3 respectivamente, para axustarse a normativa vixente nesta materia.

A normativa sobre as facendas locais non establece unha regulación específica e xeral sobre cal debe ser o prazo que debe ter lugar o prazo de exposición pública dos padróns.

O Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais establece que a exposición ao público, anuncios, información, audiencia aos interesados, intervención xerárquica superior e demais garantías do procedemento, suxeitaranse ás condicións e prazos establecidos legalmente.

Con todo no Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e na Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria non se regula o devandito prazo, polo que procede acudir ao disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de acordo co previsto na súa disposición adicional primeira.

No artigo 83 desta lei, establécese unha regulación xeral sobre o trámite de información pública, sinalando que non pode ser inferior a 20 días. *“1. O órgano ao que corresponda a resolución do procedemento, cando a natureza deste requírao, poderá acordar un período de información pública . 2. Para ese efecto, publicarase un anuncio no Diario oficial correspondente a fin de que calquera persoa física ou xurídica poida examinar o expediente, ou a parte do mesmo que se acorde. O anuncio sinalará o lugar de exhibición, debendo estar en todo caso ao dispor das persoas que o soliciten a través de medios electrónicos na sede electrónica correspondente, e determinará o prazo para formular alegacións, que en ningún caso poderá ser inferior a vinte días”*

Este prazo é aplicable no ámbito dos tributos locais, dado que a normativa tributaria non establece unha regulación xeral sobre os trámites de información pública neste ámbito nin un prazo específico para o trámite de exposición pública dos padróns.

Así mesmo, no artigo 108 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, establécese que *«contra os actos sobre aplicación e efectividade dos tributos locais, e dos restantes ingresos de Dereito Público das entidades locais, tales como prestacións patrimoniais de carácter público non tributarias, prezos públicos, e multas e sancións pecuniarias, formularase o recurso de reposición especificamente previsto para ese efecto na Lei Reguladora das Facendas Locais. O devandito recurso terá carácter potestativo nos municipios a que se refire o título X desta Lei»*.

O devandito artigo alude, polo tanto, ao art. 14.2 do Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, “2. *Contra os actos de aplicación e efectividade dos tributos e restantes ingresos de dereito público das entidades locais, só poderá interpoñerse o recurso de reposición que a continuación se regula*”

Así mesmo na letra c) deste mesmo artigo régulase o prazo de interposición do recurso de reposición: “ *O recurso de reposición interpoñerase dentro do prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación expresa do acto cuxa revisión se solicita ou ao de finalización do período de exposición pública dos correspondentes padróns ou matrículas de contribuíntes ou obrigados ao pago*”

4) Modificación do segundo parágrafo do apartado tres do artigo 89. Recurso potestativo reposición.

No devandito parágrafo régulase o prazo de interposición do recurso de reposición.

A devadita modificación realizase na orde de dar cumprimento ao artigo 14.2 do Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, “2. *Contra os actos de aplicación e efectividade dos tributos e restantes ingresos de dereito público das entidades locais, só poderá interpoñerse o recurso de reposición que a continuación se regula*”

Así mesmo na letra c) deste mesmo artigo régulase o prazo de interposición do recurso de reposición: “ *O recurso de reposición interpoñerase dentro do prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación expresa do acto cuxa revisión se solicita ou ao de finalización do período de exposición pública dos correspondentes padróns ou matrículas de contribuíntes ou obrigados ao pago*”

ORDENANZA FISCAL NÚM. 200, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

1) No BOE núm. 226 do 18 de setembro de 2024 foi publicado o Real Decreto 892/2024, do 10 de setembro, polo que se aprobou o Regulamento de Vehículos Históricos, para a aplicación e desenvolvemento do texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e seguridade Vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 6/2015, de 30 de outubro, entrando en vigor o 1 de outubro de 2024.

De acordo coa súa disposición derogatoria única, quedou derogado o Real Decreto 1247/1995, de 14 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Vehículos Históricos e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Polo que en virtude do artigo 95.6.c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas

Locais no que se establece a posibilidade de que as ordenanzas fiscais regulen, sobre a cota do imposto, entre outras, dunha bonificación de ata o 100 por cen para os vehículos históricos, resulta necesaria a modificación do artigo 4.2 no que se establecía unha bonificación para os vehículos calificados como históricos polo órgano competente da Comunidade Autónoma, con arranxo ao disposto no Real Decreto 1247/1995, do 14 de xullo, polo que se aprobou o regulamento de vehículos históricos, e remitilo á nova normativa; o Real Decreto 892/2024, do 10 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de Vehículos Históricos.

2) No parágrafo cuarto do artigo 5º da Ordenanza Fiscal número 200 reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica establécese que a exención prevista no artigo 93.1 letra g) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, *“para os tractores, remolques, semirremolques e maquinaria provistos de Cartilla de Inspección Agrícola*, iniciará os seus efectos no mesmo exercicio no que se formule a exención, pero non se especifica o prazo no que o suxeito pasivo pode realizar a devandita solicitude durante ese exercicio.

A falta da regulación do devandito prazo dificulta a xestión do devandito beneficio fiscal. A modificación realizáse aos efectos de facilitar a xestión do beneficio fiscal e evitar as correspondentes anulacións e devolucións derivadas desta falta de regulación.

Establécese que a solicitude deberá realizarse con anterioridade a que a liquidación ou o recibo de vencemento periódico quedase consentido e firme e concorran na data de devindicación os requisitos necesarios para poder disfrutar da exención.

Simplifícase así mesmo tamén a tramitación do beneficio fiscal establecendo que nos supostos de autoliquidación deberase formular a solicitude do beneficio fiscal ao presentar a autoliquidación correspondente e aplicándolle, con carácter provisional, a exención.

Todo elo en virtude do artigo 12 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de mazo polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais,

ORDENANZA FISCAL NÚM. 203, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

1) No artigo 3.2 régulase a posibilidade da división da cota tributaria, a petición dos interesados, no suposto de concurrencia de varios obrigados tributarios, en concordancia ao previsto no artigo 35.7 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. *“A concurrencia de varios obrigados tributarios nun mesmo orzamento dunha obrigación determinará que queden solidariamente obrigados fronte á*

Administración tributaria ao cumprimento de todas as prestacións, salvo que por lei dispóñase expresamente outra cousa.

As leis poderán establecer outros supostos de solidariedade distintos do previsto no parágrafo anterior.

Cando a Administración só coñeza a identidade dun titular practicará e notificará as liquidacións tributarias a nome do mesmo, quen virá obrigado a satisfacelas se non solicita a súa división. Para ese efecto, para que proceda a división será indispensable que o solicitante facilite os datos persoais e o domicilio dos restantes obrigados ao pago, así como a proporción en que cada un deles participe no dominio ou dereito transmitido"

Aos efectos de dar cumprimento, á recomendación realizada pola Valedora do Pobo, de non restrinxir a posibilidade de división da cota en orde a aspectos económicos, suprímese a restricción de non posibilidade de división naqueles inmobles nos que como consecuencia da devandita división resulten cotas líquidas de importe inferior a 3,90 €.

2) No artigo 4.1 establécese unha exención para aqueles inmobles de natureza urbana nos que a súa cota sexa inferior a 3,90€, en virtude do establecido no artigo 62.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no que se establece que "4. Os concellos poderán establecer, en razón de criterios de eficiencia e economía na xestión recadatoria do tributo, a exención dos inmobles rústicos e urbanos cuxa cota líquida non supere a contía que se determine mediante ordenanza fiscal, a cuxo efecto poderá tomarse en consideración, para os primeiros, a cota agrupada que resulte do previsto no apartado 2 do artigo 77 desta lei"

A modificación realízase na orde de especificar na ordenanza fiscal, que a exención procede naqueles inmobles nos que a cota líquida, antes da posible división, sexa inferior aos 3,90€

En virtude do exposto, e de conformidade co disposto no artigo 127.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, engadido por Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, e artigo 49 do mesmo corpo legal, e artigo 17 e seguintes do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a tramitación axustarase ao seguinte procedemento:

PRIMEIRO.- Someter a aprobación á Xunta de Goberno Local os proxectos de modificación de determinadas Ordenanzas fiscais

Como trámites previos deberán recabarse o ditame do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Lugo e os informes da Secretaría xeral do Pleno e do Interventor xeral municipal.

SEGUNDO.- De seren aprobados os devanditos proxectos, elevaranse ao Excmo. Concello Pleno para a súa aprobación inicial por maioría simple.

TERCEIRO.- Someter a exposición pública o acordo de aprobación inicial no Taboleiro de Anuncios deste Concello, durante o prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

A devandita exposición pública anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión da provincia. O prazo comezará a contar a partir do día seguinte ao da última das dúas publicacións referidas; entenderase como definitivo o acordo inicial de non se presentaren reclamacións a este durante o mencionado período.

CUARTO.- De terse presentado reclamacións, estas deberán valorarse pola Xunta de Goberno Local, que decidirá se modifica ou mantén o texto inicial, con carácter previo á resolución polo Pleno das reclamacións presentadas e aprobación da redacción definitiva das modificacións propostas das Ordenanzas fiscais.

Deberá publicarse o texto integro das ordenanzas definitivamente aprobadas ou da súa modificación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e editarse o texto íntegro das ordenanzas fiscais dentro do primeiro cuatrimestre do exercicio económico correspondente.

Asinado dixitalmente por Isabel Carbonés Bosch, Xefa do Servizo de Facenda Local co conforme da Asesoría Xurídica (Manuel Louzao Aldariz), na data que se indica á marxe.